

DESCRICIÓN DA RUTA

Ruta deseñada con tres circuitos enlazados entre si, de xeito que ofrece varios niveis de dificultade.

O camiño comeza fronte á **Igrexa románica de Santa María de Cambre**, iniciada a finais do século XII e declarada Monumento Nacional, e conduce cara o lugar dos Campóns, logo de cruzar a vía do tren e o río Mero. Máis adiante chégase á Fonte de San Bieito e á súa fermosa capela.

O camiño coincide cunha parte do Camiño Inglés a Compostela e continúa por unha serie de pistas que atravesan diversos lugares, como Tabeaio, Vinxeira ou Celas de Peiro, ata chegar ó punto máis alto do percorrido, o **Monte Xalo**, dende o cal se poden ver unhas espectaculares vistas da comarca. Logo descende en dirección a Folgueira, chegando posteriormente ós Muíños de Vilaverde.

Unha vez cruzado o río Brexa, chégase de novo a Tabeaio e báixase en dirección a Sergude, onde se enlaza novamente co Camiño Inglés. A ruta cruza de novo o río Brexa e continúa polos lugares da Grela, Folgueira, Santa María de Vigo e Andeiro, para cruzar por última vez o Brexa. A partir deste punto pódese desfrutar das vistas dende o Monte Meán, onde se descende paseniñamente por lugares como A Aldea ou As Rexas. Finalmente chégase ó lugar de Socampo, dende onde se acada o punto final da ruta, no **Campo da Feira de Cambre**.

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

Percorrido total: 52 km
Duración total: 5 horas
Dificultade: baixa
Tipo de trazado: 3 rutas circulares
Concellos polos que pasa: Carral, Cambre e Culleredo
Punto inicio/fin: Museo de Cambre / Igrexa de Santa María de Cambre



PERFIL



LEENDA

- Panel interpretativo
- Ruta
- Inicio / fin de ruta
- Camiño de Santiago
- Vía do tren
- Paseo Fluvial do Río Mero
- Aeroporto
- Vista panorámica/mirador
- Igrexa / capela
- Área de lecer
- Muíño

PLANO DA RUTA

